

CROS – CAMPIONATO ZONAL – ACEA DA MÁ (CULLEREDO) – 02/12/2023

ORGANIZAN

Secretaría Xeral para o Deporte, a través do Servizo de Deporte da Coruña.

COLABORAN

Agrupación Deportiva Coruña e Federación Galega de Atletismo.

PARTICIPANTES

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar nesta fase co número de equipos e atletas individuais que desexe en cada categoría/subcategoría. Os equipos deberán diferenciarse claramente na súa nomenclatura. Teñen que formalizar previamente a súa inscrición na proba, ademáis de ter feita a mutualización obrigatoria das/os atletas na páxina web: <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: persoas nadas nos anos 2016 e 2015 feminina e masculina.

ALEVÍN: persoas nadas nos anos 2014 e 2013 feminina e masculina.

INFANTIL: persoas nadas nos anos 2012 e 2011 feminina e masculina.

CADETE: persoas nadas nos anos 2010 e 2009 feminina e masculina.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Para as seguintes fases, as entidades clasificadas poderán formar os equipos seleccionando aos seus atletas.

Se unha entidade participa na proba e o fai con máis de 6 atletas integrando o equipo, este equipo será descalificado.

LUGAR E DATA

Acea da Má - Culleredo – 02/12/2023

INSCRICIÓN



A inscrición dos atletas participantes neste Campionato Zonal de Cros, farase antes das 14:00 horas do luns 27 de novembro de 2023, a través do sistema on-line: sdp.rfea.es

Tamén se pode facer a inscrición utilizando a folla de inscrición que se achega con esta normativa, que terán que enviar por correo electrónico a: competicion@atletismo.gal e a deportes.coruna@xunta.gal, aínda que por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada plataforma da Federación, xa que facilita o manexo da información.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis atletas, das/os que puntuarán as/os catro mellor clasificadas/os ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓN

Estableceranse dúas clasificación:

- **Individual.** Segundo a orde de entrada na meta.
- **Por equipos.** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o Campionato Provincial, que será clasificatorio para o Campionato Galego, clasificaranse os 8 mellores equipos de cada categoría, así como os 10 primeiros atletas clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entren na meta entre os 15 primeiros.

Na fase provincial poderanse realizar 2 cambios na composición dos equipos no mesmo día da competición, comunicándoo previamente na Secretaría da proba.

DATAS PRÓXIMAS XORNADAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN PREVISTAS

Campionato Provincial: 16/12/2023 en Santiago de Compostela.

Campionato Galego: 13/01/2024 en Ribadavia (Ourense).

Campionato de España: 27/01/2024. Pendente confirmar sede.

VESTIARIOS

Os vestiarios estarán situados na piscina de Acea da Má.

SECRETARÍA

A secretaría para a recollida dos dorsáis estará situada no pavillón que está antes das instalacións da piscina.

HORARIO DAS PROBAS

A retirada de dorsais poderán facela dende as 10.30 horas, ou unha hora antes do comezo das probas.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA APROXIMADA
11:00	Benxamín feminina	500 m
11:10	Benxamín masculina	500 m
11:20	Alevín feminina	1000 m
11:30	Alevín masculina	1000 m
11:45	Infantil feminina	1500 m
12:00	Infantil masculina	1500 m
12:15	Cadete feminina	2000 m
12:35	Cadete masculina	2000 m

TRANSPORTE

No caso de necesitar transporte para participar nesta proba poderase solicitar, ata as 14:00 horas do luns 27 de novembro de 2023, ao Coordinador da súa zona (aos correos electrónicos abaixo reflectidos). As entidades da zona da Coruña que o precisen empregarán o formulario que se adxunta a esta normativa.

Zona Coruña: sdbus.coruna@xunta.gal . Coordinador: Servizo Deporte (tfno. 881960767)

Zona Ferrol: deporteidadeescolar@hotmail.com . Coordinador: José Amando (tfno. 660211720)

Zona Noia: adasriasdbus@gmail.com . Coordinador: Manuel Fontenlos (tfno. 670564597)

Zona Santiago: paalva53@edu.xunta.gal . Coordinador: Francisco Álvarez (tfno. 689459794)

Unha vez recibida a solicitude o Servizo de Deporte da Coruña outorgará o transporte, nos casos en que o estime posible, tendo en conta as limitacións da contratación, e informará á entidade solicitante.

Non se xestionará ningún transporte se a solicitude non se fai en tempo e forma.

SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está disponible no programa Xogade, na páxina web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal> . Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nesta norma e na normativa específica de Cros da actividade deportiva escolar da Secretaría Xeral para o Deporte, serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo de Deporte da Coruña.

PLANO DO CIRCUITO

Pendente de confirmar.

